



Concello de Mugaros
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/05

Trámite Acta.- Acta de sesión ordinaria realizada con data 26.04.2023

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as dezanove horas e trinta e un minutos, primeira convocatoria.

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29.03.2023 (2023-0004) .- Iníciase este punto da orde do día dando conta da acta da sesión realizada polo pleno con data 29.03.2023 para os efectos establecidos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de febreiro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e sendo sometida a votación ordinaria polo voto favorable dos trece membros presentes sendo trece o seu número total de membros, o Pleno prestou aprobación á indicada acta.

2º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 791/2023. APROBACIÓN SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2023.- Elevase á consideración do Pleno expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 791/2023 no que constan, entre outros, como antecedentes de feito máis relevantes:

- Relacións de facturas nº 10/2013; 11/2013; 12/2023; 13/2023; 14/2023 e 15/2023.
- Providencia de inicio do expediente asinada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá asinada con data 17.04.2023.
- Informe de reparo recoñecemento extrajudicial 01/2023 emitido pola intervención municipal con data 17.04.2023.
- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá asinada con data 17.04.2023 cuxas consideracións se transcriben de seguido:

“ ...

Logo de ver a providencia do Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de dezasete de abril de 2023 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extrajudicial nº 01/2023.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditosponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ao recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que os gastos aos que se fixo referencia corresponden aos exercicios 2021 e 2022, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ao seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria e/ou de non seguir o procedemento de contratación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen ou cotas comunitarias, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas ou comunidades de propietarios, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír aos órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal, nos orzamentos dos exercicios 2021 e 2022 non existía crédito para imputar estes gastos e ademais nalgúns casos o gasto non se compromete una forma debida, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ao Pleno en virtude da lexislación vixente.

Os gastos correspondentes a este expediente, imputaríanse aos créditos das partidas do orzamento vixente, no obstante a vista do informado pola intervención municipal, que considera que se producirá unha limitación para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente nas consignacións 160/22100,161/22100,165/22100 e 320/22100 relativas ao suministro eléctrico de auga potable, de sumidoiros e bombeos, do alumado público e





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

dos centros educativos , por esta concellería analizaranse as citas necesidades e iniciaranse os trámites oportunos para suplementar como mínimo as citas aplicacións orzamentarias.

...”.

- Ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión ordinaria realizada con data 20.04.2023.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados, portavoz grupo municipal PP. Explica o sentido do expediente e do trámite a realizar vinculado de xeito principal ao forte incremento de prezos das tarifas eléctricas.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. O seu grupo vai a manter a abstención da Comisión Informativa. Non se ten levado a cabo o despliegue de leds ou a negociación dos contratos que dan sempre lugar a emisión de reparo por parte da Intervención.

O Pleno en votación ordinaria, por cinco votos a favor (5 PP) e oito abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PsdG-PSOE e 1 BNG), de conformidade co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Locale no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, prestou aprobación á proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afectan as relacións de facturas nº F/2023/10, F/2023/11, F/2023/12, F/2023/13 , F/2023/14 e F/2023/15 que obran no expediente que pasan a ser dilixenciadas por secretaría como integrantes do presente acordo.

Segundo.- -Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/2023 por un importe bruto total de 577.487,98 €. Os gastos correspondentes, imputaránse aos créditos das partidas do orzamente vixente, están incluídos nas relacións contables de facturas F/2023/10, F/2023/11, F/2023/12, F/2023/13 , F/2023/14 e F/2023/15.





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos, e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas nas relacións contables de facturas F/2023/10, F/2023/11, F/2023/12, F/2023/13, F/2023/14 e F/2023/15.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 844/2023. RECTIFICACIÓN 18ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª Á 18ª, AMBAS INCLUSIVE.- Dáse conta do expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 844/2023 no que constan, entre outros, os seguintes antecedentes:

- Altas e baixas exercicio 2020 e datos incorporados a partir das listaxes proporcionadas pola contabilidade municipal.
- Altas e baixas exercicio 2020 e datos incorporados a partir das listaxes proporcionadas pola contabilidade municipal.
- Altas e baixas exercicio 2020 e datos incorporados a partir das listaxes proporcionadas pola contabilidade municipal.
- Informe de secretaría de 17.04.2023.
- Modelos fichas tipo por epígrafes asinadas por secretaría como anexo ao informe de 17.04.2023.
- Proposta de Alcaldía e Anexo I Rectificación nº 18 do inventario e anexo II Inventario refundido coas rectificacións anuais 1ª a 18ª asinados con data 17.04.2023.
- Ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada con data 20.04.2023, cuxa parte dispositiva da lectura secretaría:

“ ...

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos, correspondente ao periodo comprendido do 01.01.2020 ao 31.12.2022, nos termos que figuran no anexo I que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Anexo I.- Rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos. Altas e variacións patrimoniais durante o periodo comprendido do 01.01.2020 ao 31.12.2022.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ao inventario de bens e dereitos refundido comprensivo das rectificacións 1ª á 18ª do inventario de bens e dereitos, nos termos que figuran no Anexo II que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma.

- Anexo II.- Inventario municipal. Refundido das rectificacións anuais. Comprensivo da rectificación 1ª á 18ª, ambas incluídas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, ao abeiro do establecido no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locales de 13 de xuño de 1986, remitíndoselles, aos efectos oportunos, copia da rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos, debidamente dilixenciada pola secretaría municipal.

CUARTO.- Prestar aprobación ás seguintes recomendacións segundo o informe proposta de secretaría de 17.04.2023:

- Cesións de terreos procedentes de operacións de xestión urbanística: nome da vía que ven a regularizar e de ser factible, un valor máis alá do posible fiscal que reflecta en mellor medida o seu posible valor de mercado.
- Contratos administrativos de obras públicas e de servizos de redacción e dirección de obra pública. Con motivo das operacións preparatorias debe incluírse como anexo ao proxecto/memoria técnica e liquidación do contrato, un anexo comprensivo dos campos que se podan ver alterados con ocasión das actuacións (ampliación por cesións voluntarias, características dos servizos cos que se dota aos viais públicos, límites, lonxitude e anchura e calquera outra que poda incidir na descripción que dos mesmos reflecta o inventario de bens aportando unha maior seguridade xurídica en termos xerais), ao que se unirá documentación gráfica que corresponda resultante tal e como sinala o Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, respecto da documentación xustificativa.
- Contratos administrativos de subministro. Información suficiente que permita a cuantificación e individualización e principais características en





Concello de Mugardos
(A Coruña)

función da natureza da subministración e con carácter mínimo número, descripción e departamento de destino e/ou ubicación no caso de luminarias deberán reflectirse os datos que figuran na ficha anexa que permita levar a cabo posteriores labores de control e auditoria enerxética.”

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria, en exercicio das facultades previstas no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime local e 17; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e seguintes do Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, en votación ordinaria, por doce votos a favor (5 PP+ 4EU-SON EN COMÚN+3 PSdG-PSOE) e unha abstención (1BNG), sendo trece o seu número legal de membros, o Pleno prestou aprobación á proposta ditaminada adoptando o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar a rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos, correspondente ao periodo comprendido do 01.01.2020 ao 31.12.2022, nos termos que figuran no anexo I que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma:

- Anexo I.- Rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos. Altas e variacións patrimoniais durante o periodo comprendido do 01.01.2020 ao 31.12.2022.

Segundo.- Prestar aprobación ao inventario de bens e dereitos refundido comprensivo das rectificacións 1ª á 18ª do inventario de bens e dereitos, nos termos que figuran no Anexo II que de seguido se indica, e que se xunta á presente proposta como parte integrante da mesma.

- Anexo II.- Inventario municipal. Refundido das rectificacións anuais. Comprensivo da rectificación 1ª á 18ª, ambas incluídas.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, ao abeiro do establecido no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais de 13 de xuño de 1986, remitíndoselles, aos efectos oportunos, copia da rectificación 18ª do inventario de bens e dereitos, debidamente dilixenciada pola secretaría municipal.

Cuarto.- Prestar aprobación ás seguintes recomendacións segundo o informe propsoa de secretaría de 17.04.2023:

- Cesións de terreos procedentes de operacións de xestión urbanística: nome da vía que ven a regularizar e de ser factible, un valor máis alá do posible fiscal que reflecta en mellor medida o seu posible valor de mercado.

- Contratos administrativos de obras públicas e de servizos de redacción e dirección de obra pública. Con motivo das operación preparatorias debe incluírse como anexo ao proxecto/memoria técnica e liquidación do contrato, un anexo comprensivo dos campos que se podan ver alterados con ocasión das actuacións





Concello de Mugardos
(A Coruña)

(ampliación por cesións voluntarias, características dos servizos cos que se dota aos viais públicos, límites, lonxitude e anchura e calquera outra que poda incidir na descripción que dos mesmos reflicta o inventario de bens aportando unha maior seguridade xurídica en termos xerais), ao que se unirá documentación gráfica que corresponda resultante tal e como sinala o Real Decreto 1732/1986, de 13 de xuño, respecto da documentación xustificativa.

- Contratos administrativos de subministro. Información suficiente que permita a cuantificación e individualización e principais características en función da natureza da subministración e con carácter mínimo número, descripción e departamento de destino e/ou ubicación no caso de luminarias deberán reflectirse os datos que figuran na ficha anexa que permita levar a cabo posteriores labores de control e auditoria enerxética.

4º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE COMPENSACIÓN Á SOCIEDADE AMIGOS DA PAISAXE GALEGA E APLICACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DA COTA ÍNTEGRA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES.- Elévase á consideración do Pleno escrito de moción presentada polo grupo municipal PSdG-PSOE con número rexistro de entrada 2023-E-RPLN-4, de 19.04.2023 da que se deu conta á Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 20.04.2023 e que tras unha exposición de motivos insta ao Pleno a adopción de acordo cos seguintes pronunciamentos:

“...: “...1. compensar a la sociedad Amigos da Paisaxe Galega a través de la subvención nominativa que tiene suscrita en su convenio con el Concello de Mugardos en una cantidad equivalente a la cuota que abonará en concepto de IBI de 2023.

2. dar comienzo a la gestión del mandato del pleno de 27 de Abril de 2022 para que pueda ser de aplicación la bonificación en el ejercicio de 2024.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Procede a repasar os antecedentes da moción e acordo plenario previo. Na medida en que non se executou reitera a moción e pasa a dar lectura aos seus pronunciamentos.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Comprende que o concello ten que axudar ás asociacións máis non queda moi claro o protocolo a seguir (se as asociación o teñen que pedir) así como considera que vai a producirse un efecto chamada. E en canto ao procedemento a aplicar se se vai a ter que asinar





Concello de Mugardos
(A Coruña)

un novo convenio, unha addenda. Adianta o voto a favor para aproiar a labor das Asociacións máis sen saber como se vai a articular a posible bonificación.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE.- Indica que o Pleno non prestou aprobación no seu día a unha bonificación se non a declaración de utilidade pública (que así o solicitasen as entidades) e segundo que se procedese a modificar a ordenanza fiscal. E tras elo é un proceso voluntario para unha asociación adherirse ou non. E na presente moción o que se insta é a que se lle compense o importe do IBI 2023 para a Asociación.

José Miguel Mahía Prados, portavoz grupo municipal PP. Procede a analizar os pronunciamentos da moción anterior así como da Comisión Informativa na que se tiña que incluír a modificación da OF na que se emite informe conxunto de intervención e secretaría que pasa a analizar lembrando o forte debate a que deu lugar a indicación legal “actividade económica”. Nos actuais convenios de colaboración xa e inclúe a compensación do IBI. Máis na Xunta de Portavoces se comentou que o réxime solicitado polo grupo municipal PsdG-PSOE xa se estaba a aplicar en Fene. Consultada a información co seu Presidente lle trasladan que o réxime de bonificación resulta aplicable tan so a determinadas actividades que con tal natureza prestan as asociacións e así o teñen que solicitar. E pasa a presentar unha emenda para que se eleve á consideración da Comisión Informativa unha modificación da OF que recolla a redacción literal do TRLRFL e que despois as asociación e entidades xa tomarán as súas decisión.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Pregunta se na seguinte sesión da Comisión Informativa se elevará a súa consideración a modificación da OF?. Se é así retira o punto segundo da súa moción de forma que queda como segue:

1º Que a solicitude da Asociación se proceda a aplicación da compensación do IBI.

2º. Se proceda a incluír como punto da orde do día da seguinte Comisión Informativa a modificación da Ordenanza Fiscal segundo o texto que para tal efecto recolle o TRLRFL.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por nove votos a favor (5 PP+ 3 PsdG-PSOE + 1 BNG) e catro abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), o Pleno ao





Concello de Mugardos
(A Coruña)

abeiro das competencias previstas no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e artigo 15 e seguintes e 75.2. quater do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Que a solicitude da Asociación amigos da Paisaxe se proceda a aplicación da compensación do IBI a través da subvención nominativa que ten subscrita no seu convenio co Concello de Mugardos nunha contía equivalente á cuota que abonará en concepto de IBI de 2023.

Segundo.- Se proceda a incluír como punto da orde do día da seguinte Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá a modificación da Ordenanza Fiscal segundo o texto que para tal efecto recolle o TRLRFL.

5º.- EXPEDIENTE 2676/2022. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ 2023”.- Dáse conta polo alcalde de que se procederá a explicar o seu obxecto para proceder posteriormente a súa ratificación conforme ao artigo

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE) e cinco abstencións (4 EU-SON EN COMUN+1 BNG), o Pleno de conformidade co establecido nas Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “pos+ 2023” (BOP nº 228 de 01.12.2022, e no exercicio das competencias marcadas na DA2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 47.1º da Lei 7/1985, de 1 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder á modificación do acordo de Pleno adoptado en sesión ordinaria realizada con data 14.02.2023 prestando aprobación á solicitude Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concellos) “POS+2023”, posteriormente emendado conforme ao artigo 109.2º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por acordo do mesmo órgano colexiado adoptado en sesión realizada o 22.02.2023, substituíndo o destino da achega do Plan provincial do ano 2023 que de estar destinada ao financiamento das obras “MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE TRAMO DA RÚA DO CRISTO NO SEU ENCONTRO COA AC131”, pase a estar adicada gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente





Concello de Mugardos
(A Coruña)

asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, por importe de 141.128,34 euros.

Segundo.- Manter os restantes pronunciamentos do indicado acordo nos seus propios termos de xeito que coa modificación que se acorde quedará conformada como segue:

“1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	141.128,34 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orza mento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2023					

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orza mento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO, O VILAR E MONTEFARO	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestastáboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	141.128,34 €			141.128,34 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023				
	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023				
	Achega	141.128,34 €			141.128,34 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

D- TOTAL	2023					
	Achega 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	293.092,72 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiros sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS, ROIBEIRAS E SIMOU	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €
TOTAIS	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se aoubera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicita nin percibe ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está acoorrenentassúasobrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Terceiro.- Dar traslado do acordo que así se adopte á Deputación provincial de A Coruña xunto co resto da documentación que sexa preciso no seu caso.

6º.- MOCIÓNS URXENTES.

Abre este punto da orde do día o Alcalde dando conta da elevación á consideración do Pleno de dúas mocións urxentes pola necesidade de efectuar un cambio na conformación da participación do concello no POS 2023.

En votación ordinaria e polo voto unánime do total dos trece concelleiros/as que integran a corporación, ratificouse a súa urxencia conforme ao indicado no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A continuación o alcalde da conta igualmente da presentación dunha moción urxente por parte do Partido socialista de Galicia-PSOE, con número rexistro de entrada 2023-E-RPLN-5, de 25.04.2023 para instar ao goberno municipal á concesión á empresa TRIVIUM ESTRATEGIAS EN CULTURA Y TURISMO EN CULTURA Y TURISMO, un aprazamento dun ano que permita a adaptación do seu persoal ás novas condicións da licitación, procedendo o seu portavoz a dar traslado da mesma.

En votación ordinaria, por oito votos a favor (PSdG-PSOE+4 EU-SON EN GALICIA+1 BNG) e cinco abstencións (5 PP) dos trece concelleiros/as que integran a corporación, ratificouse a súa urxencia conforme ao indicado no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6º. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS +ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”.- Inicia este punto da orde do día o portavoz do grupo municipal explicando que pola existencia dun erro material na inclusión errónea de epígrafe no acordo previamente adoptado é necesario levar a cabo a súa emenda sen que se altere en modo algún o seu sentido ou importe.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Non subscitándose debate ningún, sometido a votación ordinaria, polo voto favorable dos trece membros presentes sendo este o seu número legal de membros, o Pleno de conformidade co establecido nas Bases reguladoras plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) “pos+ 2023” (BOP nº 228 de 01.12.2022, e no exercicio das competencias marcadas na DA2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 47.1º da Lei 7/1985, de 1 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Emendar a solicitude de POS+ ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, quedando redactada como segue:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023
Dato notificado que figura no seu expediente

41.162,43 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	25.000,00 €	0,00 €	25.000,00 €	23.972,43 €	1.027,57 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>					
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>					
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

g) Alquiler de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	35.000,00	0,00 €	35.000,00 €	33.972,43 €	1.027,57 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICION AL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	7.190,00 €	0,00 €	7.190,00 €	7.190,00 €	0,00 €
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais					





Concello de Mugardos
(A Coruña)

SUBTOTAL GASTOS INVERTEMENTO	7.190,00 €	0,00 €	7.190,00 €	7.190,00 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICION AL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	42.190,00 €	0,00 €	42.190,00 €	41.162,43 €	1.027,57 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	33.972,43 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVERTEMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	7.190,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVERTEMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	41.162,43 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.2º. MOCIÓN DO PsdG-PSOE INSTANDO Á CONCESIÓN DUN APRAZAMENTO Á EMPRESA TRIVIUM PARA A ADAPTACIÓN DO PERSOAL AS CONDICIÓNS DE LICITACIÓN.- Por parte do portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE dáse lectura ao texto da moción:

“... ”

Exposición de motivos:

La empresa Trivium realiza, para el concello de Mugardos, la gestión integral del Centro de interpretación de Caldoval, el servicio de atención al público, visitas guiadas, actividades didácticas y escolares, talleres, actividades de animación y





Concello de Mugardos
(A Coruña)

fidelización, social media plan y plan de medios, programación cultural, diseño de imagen corporativa, diseño y gestión web.

El concello de Mugardos, a través de los procedimientos legalmente establecidos, adjudicó el contrato en 2022 a TRIVIUM ESTRATEGIAS EN CULTURA y TURISMO SL que continua realizando esta gestión del museo como venia haciendo con anterioridad por dos años más y un importe de 126.000,00 euros.

En las condiciones de este contrato se modifican los requisitos para la contratación del personal de atención al público exigiendose la obtención del certificado B2 en manejo del idioma Ingles.

Este requisito que debe cumplir la empresa puede producir una situación que genere inestabilidad en un servicio que hasta la fecha se viene prestando sin mayor incidencia.

Queremos recordar el problema sufrido en 2021 en el comedor escolar por una modificación en las condiciones de la licitación que a punto estuvo de causar la suspensión del servicio.

En arras de que el servicio continúe prestandose sin incidencias

instamos al Gobierno municipal a:

conceder a la empresa TRIVIUM ESTRATEGIAS EN CULTURA y TURISMO SL un aplazamiento de un año que permita la adaptación de su personal a las nuevas condiciones de la licitación.”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Adianta o voto a favor do seu grupo. Indica que non sabe moi ben por que para traballar no Museo se debe conta con nivel de inglés B2. Indica además a súa falta de conformidade ao que considera falta de talante democrático por non deixar intervir no Pleno a unha das traballadoras tendo en conta que quedqan tan so 15 días para o inicio da campaña no que se realizarán numerosas chamadas á participación, transparencia e democracia.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Traslada ao pleno que non parece que Mugardos esté cheo de extraxeiros e que a maioría de persoas visitantes do Museo son infantís ao que se suma que o persoal é imaxe do concello polo que deberían ter condicións moi semellantes aos seus





Concello de Mugardos
(A Coruña)

traballadores polo que parece razoable que se lle poda conceder un tempo prudente e que sexa dun ano para a súa adaptación.

José Miguel Mahía Prados, portavoz grupo municipal PP. Respecto do talante antidemocrático se actuou en función do que indica o ROM. En canto ao fondo da moción, será o informe que emita secretaría o que indique se se pode conceder ou non dito aprazamento.

Debate:
Segunda quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Pese a que a solicitude presentada non cumpría cos requisitos marcados no ROM hai ocasións no que se deixa de aplicar o indicado en dito Regulamento como acontece co punto de rogos e preguntas nas que se produce pese ao recollido no mesmo, debate. E do que quere deixar constancia é de que non existe obriga legal ningunha para esixir dito nivel de inglés e esa decisión do goberno local non considera que esté ben adoptada en función do perfil de persoas usuarias.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. O ROM está para cambialo en función do que se necesite. O goberno pode pedir o que considere oportuno máis tamén defender ás persoas traballadoras que son veciñanza, reiterando novamente que se lle amplie o prazo por canto nin é ilegal nin con elo se causa prexuízo ningún ao concello.

Alcalde. O PCAP son a lei do contrato e están para darlles cumprimento. Lémbra ao grupo que presenta a moción que votou a favor da aprobación do ROM e indica novamente que será o informe xurídico o que marque as pautas a seguir.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Pecha o debate como proponente. Lamenta a opinión do Alcalde xa que a normativa debe adaptarse as necesidades que concorran e sinala que se a moción se aproba, espera que se cumpra.

En votación ordinaria, por oito votos a favor (PsdG-PSOE+4 EU-SON EN GALICIA+1 BNG) e cinco abstencións (5 PP) dos trece concelleiros/as que integran





Concello de Mugardos
(A Coruña)

a corporación, o Pleno prestou aprobación á moción adoptando o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Instar ao goberno municipal a conceder á empresa TRIVIUM ESTRATEGIAS EN CULTURA Y TURISMO EN CULTURA Y TURISMO, un aprazamento dun ano que permita a adaptación do seu persoal ás novas condicións da licitación.

7.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte da secretaria dáse lectura á dilixencia de 20.04.2023: “EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas incluídas no citado recoñecemento extraxudicial e procedeuse ao aboamento das facturas incluídas nas mesmas.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo. Tense publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 19, de data 27.01.2023, anuncio da aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas, dándose traslado do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 213 de 10.11.2022, para os efectos establecidos no artigo 65.2º da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, á Subdelegación do Goberno en A Coruña e á Dirección Xeral da Administración Local da Xunta de Galicia, así como do texto íntegro do mesmo, e para os efectos do seu visado, ao Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social, sen que no día da data da presente dilixencia se teña coñecemento da cumprimentación deste último trámite.

PROTOCOLO E CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA A XESTIÓN DO “COMPLEXO DEPORTIVO O CASTRO”. Uniuse ao expediente certificación do acordo adoptado así como borrador de convenio e anexo I Memoria-Programa con dilixencia de aprobación polo Pleno da Corporación, téndose comunicado a adopción do citado acordo ao Concello de Ares.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

EXPEDIENTE 220/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC 01/2023, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose remitido ao Boletín Oficial da Provincia anuncio de aprobación definitiva.

EXPEDIENTE 219/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBE0 01/2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación algunha, constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo, téndose remitido ao Boletín Oficial da Provincia anuncio de aprobación definitiva.

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MUGARDOS. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, poñéndose a disposición dos interesados, no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/info.8>) e no seu portal de transparencia (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/f04e70fa-0330-4362-90c0-b009648a5893/>), o certificado do acordo plenario e os informes técnicos municipais, atopándose o resto do expediente a disposición dos interesados na Secretaria Xeral deste Concello, e comunicándose a adopción do citado acordo, de xeito individualizado, ao persoal integrante do Grupo de Emerxencias Supramunicipal.

EXPEDIENTE 1279/2021. POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO TRAS REQUERIMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de subsanación de deficiencias.

EXPEDIENTE 312/2023. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2023-0199, SOBRE ASUNTO: ADHESIÓN CONVENIO ENTRE VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO VIXILANCIA E CONTROL





Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONTRA Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) ANO 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente.”

8.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2023-0262 AO 2023-0361. Dáse conta ao Pleno das resolucións de alcaldía e concellerías delegadas dende o derradeiro pleno ordinario comprendendo as numeradas entre o 2023-0262 ao 2023-0361.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Lembra que presentou fai case un ano un rogo para que se colocase un espello en Areosa nun cruce e aínda que se dixo que sí, non se fixo nada.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE formula dous rogos:

- Se proceda a levar a cabo sen demora a selección de persoal laboral temporal con cargo ao PEL 2023.
- Se eleve a consideración da Comisión Informativa correspondente o proxecto do mercado.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte e sete minutos do vinte e seis de abril de dous mil vinte e tres o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, documento asinado dixitalmente á marxe.

Visto e praxe
O alcalde

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

